

## **Preguntas frecuentes Premio Empleados/as Públicos/as Innovadores/as:**

### **Que se considera un empleado/a público/a innovador/a?**

Un empleado/a público/a innovador/a é unha persoa que coa súa creatividade, entusiasmo, iniciativa e boas prácticas, traballa no seu día a día para conseguir unha administración pública máis eficiente, moderna e innovadora, que sexa capaz de satisfacer as necesidades da cidadanía e que se plantee como algo cotiá novas formas de facer as cousas ou novas cousas que facer.

### **Que é a Compra Pública de Innovación? E qué relación ten con este premio?**

A Compra Pública de Innovación (CPI) é un instrumento que permite que fomenta a innovación a través da contratación por parte da Administración de solucións e produtos innovadores. A CPI supón un cambio de cultura para os/as empregados/as públicos/as, polo que o premio pretende valorar o seu compromiso coa innovación e coa asunción de comportamentos máis innovadores, agasallando ás traballadoras e traballadores da Administración que teñen demostrado máis capacidade para transformar a contorna de traballo na que se desenvolven.

### **Por que a Xunta de Galicia quere fomentar a Compra Pública de Innovación dentro da Administración?**

Dende a Xunta de Galicia quérese fomentar o uso da CPI como unha ferramenta estratéxica e transformadora das organizacións, porque permite avanzar cara administracións públicas máis innovadoras, facer un uso máis eficiente dos fondos públicos e permitir a prestación de servizos máis modernos e centrados nas necesidades de toda a cidadanía.

### **Que é o Programa Innpulsa CPI e cales son os seus obxectivos?**

O Programa Innpulsa CPI é un programa integral que busca o desenvolvemento da Compra Pública de Innovación (CPI) en Galicia, co obxectivo de facilitar o cambio de cultura no seo da Administración, promover a I+D+i e situar á rexión como referente en CPI dentro de España e Europa.

Trátase dun programa estratéxico de fomento da innovación dende a demanda e posicionamento de Galicia como unha rexión que aposta pola CPI para xerar organizacións públicas innovadoras que prestan servizos de maior calidade á cidadanía á vez que incrementan a innovación e a internacionalización do tecido empresarial galego

### **Cales son os obxectivos concretos deste Premio?**

- Incentivar comportamentos innovadores dentro da Administración Pública.
- Recoñecer e premiar polo seu traballo e compromiso o persoal ao servizo da Xunta de Galicia xa que fai posible unha Administración pública máis eficiente, moderna e innovadora capaz de satisfacer as necesidades da cidadanía.

### **Qué se considera un comportamento innovador na Administración?**

Defínese como comportamento innovador na Administración, a introdución intencional de novas ideas, procesos e procedementos no rol do traballo do seu persoal, no posto de traballo ou dentro da estrutura da organización. Por exemplo, a través da incorporación de

novas tecnoloxías, a suxestión de novos camiños para acadar os obxectivos, a aplicación de novos métodos de traballo, a investigación e obtención de recursos para a implementación de novas ideas que se concreten en proxectos concretos que se leven a práctica, entre outros.

**Qué se entende por “proceso de innovación” na frase “persoal ao servizo da Administración pública que participa de forma activa nos diferentes procesos da innovación”?**

Entendese como proceso de innovación a xestión do fluxo de ideas a proxectos innovadores, que se adoita visualizar como un embudo a través do que se filtran as ideas e proxectos seguindo as seguintes fases: identificación de oportunidades, avaliación de ideas, priorización das ideas, definición de proxectos, execución do proxecto e seguimento.

**Na primeira categoría, que entendemos por “oportunidades ou retos de innovación dentro de Administración”? Abonda con identificar unha problemática e xustificar a necesidade ou interese de resolución da mesma? Que relación ten que ter coa innovación?**

Trátase de facer un exercicio de análise dende dentro da organización e valéndose do coñecemento interno que permita observar onde existen oportunidades de mellora, e a repercusión que tería esa mellora, partindo dunha definición precisa da raíz do problema en cuestión e integrando o usuario na súa definición. En innovación, o tempo que se adica á definición dunha problemática é directamente proporcional á calidade da solución que se obterá, por tanto, búscase identificar aquelas actuacións nas que se definan profundamente as problemáticas para chegar ás oportunidades ou retos de innovación.

Exemplo:

Oportunidade de innovación identificada dentro do Laboratorio de Innovación de Goberno, Medellín (Colombia). Secretaría de desenvolvemento económico.

Pregunta reto:

Como optimizar a recolección e xestión de información dos produtores agropecuarios beneficiarios das Asistencias Técnicas brindadas pola Secretaría de Desenvolvemento Económico para aumentar os seus ingresos nun 15%?

Descrición da problemática:

A Secretaría de Desenvolvemento Económico - Subsecretaría de Desenvolvemento Rural, por medio da UMATA (Unidade de Asistencia Técnica Agropecuaria), ten como obxectivo acompañar produtiva e empresarialmente pequenos e medianos produtores agropecuarios dos cinco corregimientos de Medellín. Un dos principais problemas é non dispor dunha ferramenta tecnolóxica que permita a recolección e sistematización da información identificada en campo como o RUAT (Rexistro Único de Asistencia Técnica), isto comporta que non se poida contar con información que permita coñecer a trazabilidade dos procesos e prestar un servizo oportuno-eficiente, fortalecer a asistencia técnica cun sistema de información apropiado permitiría mellorar :

- Aumentar a produtividade: xa que na actualidade Medellín non dispón da suficiente produción agropecuaria que satisfaga a súa propia demanda.

- *Comercialización:* mellorar as canles de comercialización da poboación rural coñecendo a súa capacidade de produción, que permita xerar oportunidades de mercado actuais e futuras.
- *Perda da vocación produtiva:* fomentar e empoderar aos mozos rurais na actividade agropecuaria, xa que os produtores actuais son unha poboación cunha idade media superior aos 50 anos, que non foron relevados xeracionalmente, xa que os mozos rurais ven mellores oportunidades na cidade.

Descrición do público obxectivo:

Pequenos e medianos produtores agropecuarios que xeralmente son persoas cunha idade superior aos 50 anos, cun alto grao de analfabetismo, sen acceso a internet nos seus fogares, aínda que contan con puntos de internet libres proporcionados por Medellín Dixital e cunha cobertura de telefonía móbil limitada nos seus predios.

Antecedentes - Esforzos xa realizados – Facilitadores:

Formatos en papel para a súa recolección e almacenamento e bases de datos en Excel para a xestión da información.

**Na segunda categoría, que se entende por “proxecto innovador”?**

Entendese como proxecto innovador aquel que supón unha mellora ou creación de novas ideas de produtos e servizos que supoñan o desenvolvemento e a transformación do entorno.

Exemplo:

- Proxecto OPod Tube housing, trátase dunhas unidades de micro vivenda experimental de baixo custo para aliviar os problemas de vivenda en Hong Kong, dirixido especialmente a poboación nova que quere independizarse.

**Que se considera temática innovadora ou vangardista?**

Definimos como temática innovadora ou vangardista, unha temática que se aborda de forma novidosa pola Administración en canto aos procesos ou que inclúe a aplicación de tecnoloxías disruptivas tales como Blockchain, Big Data, IA, Impresión 3D, Robótica, Realidad Virtual, aumentada ou mixta, IoT, etc

**Na subcategoría de actitude innovadora, que se considera “bo facer dentro do proxecto”? Que valoramos nesta subcategoría? Que é a innovación de procesos?**

Nesta categoría premiarase o bo facer e a actitude innovadora, entendendo isto como os valores, hábitos, conduta e disposición que promoven os procesos de cambio baseados no coñecemento.

Definimos a innovación en procesos como a implantación dunha nova tecnoloxía nunha actividade ou mellora a través de métodos, ferramentas e técnicas que buscan avances para mellorar a efectividade e así dar unha mellor solución a necesidade.

**A memoria que se pode achegar xunto ao formulario de solicitude é de formato libre e aberto? Ten unha extensión limitada?**

A memoria ten un formato libre pero debe conter os campos: Motivo da postulación, Explicación do proxecto ou necesidade, Factores clave e Factores innovadores.

**O vídeo ou presentación que se pode achegar opcionalmente, que información debe conter? Debe ter un formato ou extensión determinada? Que formatos e tamaño admite a sede electrónica de Xunta?**

O vídeo debe conter máis información sobre a oportunidade identificada ou o proxecto innovador no que se argumente a súa motivación. O tamaño máximo do conxunto de documentos aportados nunha presentación na sede electrónica é de 50 MB, e non se admiten arquivos comprimidos.

**A persoa que é designada como portavoz do equipo forma parte do equipo? está incluída no límite de membros dos equipos?**

A persoa designada como portavoz forma parte do equipo candidato e está incluída no límite dos cinco membros por candidatura.

**Que información deben conter os apartados “Factores clave” e “Factores innovadores” do formulario de solicitude?**

Factores clave:

Considéranse factores clave aqueles elementos do proxecto que permiten acadar os obxectivos que se plantearon e teñen un carácter diferencial respecto doutros proxectos.

Factores innovadores:

Considéranse factores innovadores aqueles elementos de cambio que achegan un valor diferencial.

**A onde podo dirixirme no caso de ter algunha dúbida sobre este procedemento ou sobre as bases?**

Podes dirixirte á Axencia Galega de Innovación, en concreto, a Área de Programas.

**En canto aos criterios de valoración, que se considera “relevancia da oportunidade”? Que entendemos por “impacto na contorna”? Que valoramos como “orixinalidade na presentación”?**

Relevancia da oportunidade: impacto que tería solucionar o reto planteado, que aportaría para a cidadanía a súa implementación.

Impacto na contorna: os efectos derivados da posta en marcha de oportunidade ou reto identificado, quen se beneficiaría dentro do ecosistema de innovación, tanto directa como indirectamente desta mellora.

Orixinalidade na presentación: Valorarase a presentación por parte dos/as candidatos/as dun soporte vídeo grupal ou individual no que se aplique o proxecto. Así mesmo, pódese facer entrega da documentación nun soporte diferente e visual que facilite a comprensión do proxecto. Buscamos sorprendernos coa recepción das propostas, polo que non poñades límites á vosa creatividade.

## **Que entendemos por “promover cambios de modelo e de hábitos cara a outros máis sustentables e eficientes”?**

A adopción de hábitos, cambios na maneira de facer as tarefas, adaptación a novas tecnoloxías, avanzar no modo de facer as cousas e non ollar cara cómo se fixeron ata agora ou pór en funcionamento modificacións que teñan unha repercusión na eficiencia do traballo.

## **Que entendemos por “capacidade e compromiso do equipo”?**

Entendese que si a postulación é grupal, estes traballaron de forma interrelacionada entre eles e as diversas áreas involucradas. Non está centrado unicamente no desempeño, senón tamén nas persoas. Compromiso que adquiriu o grupo coa Administración, e quere dedicar o seu tempo e esforzo a melloralas.

## **Na categoría de actitude innovadora, que entendemos por “actitudes e hábitos que promoveron procesos de cambio”?**

Os procesos de cambio abarcan todas as actividades dirixidas a axudar á organización para adoptar novas actitudes, tecnoloxías ou novas maneiras de facer as cousas. Para iso necesitanse actitudes e hábitos que fagan efectivo o cambio, que permitan a transformación e unha mellora continua.

Exemplos:

Mente de principiante y cuestionador. Se te atopas nunha situación na que requires colaboración ou necesitas consello, o mellor é manter a mente aberta e cuestionar todas as opcións, non ir con ideas preconcebidas, así terás a vantaxe da escoita activa e de asimilar un maior número de ideas.

Orientación colaborativa, contrastar as ideas e intercambiar opinións con outros, porque un nunca estará seguro/a de que a súa idea sexa perfecta e non se poida mellorar. Contrastar as ideas con persoas de diferentes caracteres, coñecementos, personalidade, etc.

## **Que consideramos “técnicas e dinámicas de traballo innovadoras”? Poñer exemplos.**

Entendemos por técnicas e dinámicas de traballo innovadoras, aquelas que fan replantarse a situación inicial e facilitan un pensamento máis aberto, aquelas que facilitan as relacións entre o equipo.

Exemplos:

Metodoloxía LEGO® SERIOUS PLAY®, trátase de un proceso innovador destinado a mellorar a innovación e o rendemento dentro das organizacións. Trátase de un proceso de encontro, comunicación e resolución de problemas no que os participantes son guiados a través dunha serie de preguntas para sondar cada vez máis profundo sobre o tema. Cada participante constrúe o seu propio modelo 3D LEIGO® en resposta ás preguntas do facilitador, utilizando elementos LEIGO® especialmente seleccionados. Estes modelos 3D serven como base para a discusión en grupo, o intercambio de coñecementos, a resolución de problemas e toma de decisións.

Metodoloxías áxiles- son metodoloxías que permiten adaptar a forma de traballo as condicións do proxecto, conseguindo flexibilidade e inmediatez na resposta para amoldar o proxecto e o seu desenvolvemento as circunstancias específicas da contorna.

### **Como podemos demostrar a “relación do equipo baseada na colaboración, cooperación e coordinación”?**

Neste apartado pídesse que se describan as dinámicas levadas polo equipo de traballo, que se explique cal e o proceso de toma de decisión que empregan, como definen os obxectivos comúns etc.

### **No tocante aos premios, en que consiste o “asesoramento personalizado de aproximadamente 60 horas? A solicitude de financiamento para que?**

No caso de participar na categoría de identificación de oportunidades, teredes a opción gañar un asesoramento personalizado de 60 horas. Dende unha consultora especializada, poranse en contacto co/s premiado/s no que se traballará directamente coa oportunidade identificada, e buscaranse posibles fontes de financiamento para desenvolver o reto identificado, tanto a nivel europeo como nacional, tamén se prestará axuda no cumprimento da documentación requirida.

### **En que consistirá a “visita a un laboratorio de innovación internacional”? Exemplos de laboratorios.**

Este premio consistirá na visita a un laboratorio de innovación internacional, neste viaxe incluírase o desprazamento, aloxamento e a dieta.

Os laboratorios de innovación son lugares para materializar as ideas e facer realidade a innovación. Nestes lugares únense metodoloxías, tecnoloxías e un ecosistema de innovación, para axudar as persoas a identificar, prototipar e validar servizos, produtos e experiencias innovadoras.

O/s premiado/s coñecerán outras iniciativas de innovación que se están a desenrolar noutros lugares, e coñecerán novas metodoloxías.

Exemplo:

Laboratorio de Creación Ruta N. <http://laboratoriodeinnovacion.co/es/>

Gob Lab. Laboratorio de Goberno Chile. <https://www.lab.gob.cl/>

MindLab. Laboratorio en Dinamarca. <https://em.dk/>

### **En que consistirá o “curso personalizado en innovación”? Canto durará? Onde se desenvolverá?**

Dende unha consultora especializada, poranse en contacto co/s premiado/s no para definir o contido dun curso de 60 h en innovación que responda as necesidades concretas dos gañadores. O formato do curso será tipo “Bootcamp”, baseado na formación experiencial.